

AGORA SI, ANTES NON

Título orixinal Ji-geum-eun-mat-go-geuddae-neun-teul-li-da | Right Now, Wrong Then **Dirección** Hong Sang-soo **Ano** 2015 **Duración** 121 min. **Guión** Hong Sang-soo
Montaxe Hahm Sungwon **Son** Song Yeajin **Reparto** Jeong Jae-yeong, Kim Min-hee, Yoon Yeo-jeong, Gi Ju-bong, Choi Hwa-Jeong, Yoo Joon-sang, Seo Young-hwa, Ko Ah-sung **Fotografía** Park Hongyeol **Producción** Jeonwonsa Film Co. (Corea do Sur)
Distribuidora Good Films

Leopardo de Ouro ao mellor actor (Jeong Jae-yeong) e premio do xurado ecuménico en **Locarno 2015**, Mellor filme e mellor actor (Jeong Jae-yeong) en **Xixón 2015**, Mellor interpretación masculina (Jeong Jae-yeong) en **Asia Pacific Awards 2015**

DECEMBRO**Martes 20**

The act of killing | O acto de matar

(Joshua Oppenheimer, 2012, Dinamarca, 117 min., VOSE)

Martes 27

Tokyo monogatari | Contos de Toquio

(Yasujiro Ozu, 1953, Xapón, 139 min., VOSE)

*Todas as sesións, ás 20:30 h no Teatro Principal de Pontevedra

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

**AGORA SI, ANTES NON**

Hong Sang-soo, 2015, Corea do Sur
 121 min, VOSE

Por que retorna sempre ao mesmo tipo de personaxe? Aquí temos novamente o director, o estudante, o crítico... É práctico [risas]. Non é tan importante que sexan directores, sabe ao que me refiro? Aínda que, evidentemente, sei máis sobre eles. Non preciso achegarme a outras profesións, a caracteres diferentes. O que importa é o que fago en cada filme con estes elementos simples. Non sinto a necesidade de procurar un novo material, un novo tipo de personaxe, un novo tipo de profesional. O meu carácter pídeme traballar coas cousas que xa coñezo e a partir de aí buscar elementos novos. O cineasta é un deses elementos importantes e simples aos que me refiro e que coñezo moi ben. Non quero facer filmes sobre un piloto de avión [risas]; se tentase describilo, o resultado remataría sendo moi estereotipado.

Este filme, coma moitos outros seus, finaliza cunha especie de lección: o director comórtase mellor na segunda parte, é máis honesto e as consecuencias para el son mellores. Os seus filmes comezan con ese tipo de ideas primordiais? Cal foi o punto de partida de *Agora si, antes non*? Non, ao principio non teño idea ningunha. Durante eses primeiros días comezo con case nada. Trato xeralmente con lugares, actores e actrices; non con personaxes. Atópoos case sen querer. Só teño un presentimento: «Quizais me apeteza ver a este tipo ou a esta muller». Entón chámooos por se queren ter unha reunión, mais tratando de velos simplemente coma persoas. Non estou interesado no que fixeran noutros filmes. De feito, ás veces nin sequera vin eses filmes. [...] De novo sen ideas previas de tal ou cal sitio, pode ser que vaia pasear a un barrio un domingo e que me guste. Entón fago un trato cos habitantes ou co propietario dunha tenda ou un bar. Vou ata alí e dígolle: «Son Hong Sang-soo e probablemente comece a gravar axiña. O meu xeito de traballar é raro, non sei que farei, pero é probable que veña a este lugar un par de veces, se cadra tres. Informareille do día da rodaxe en canto o saiba». Deste xeito, teño as localizacións e consigo xente para actuar. Despois, adoito ir a algún hotel ou motel e fico alí dous ou tres días tratando de pensar unha estrutura, o que quero facer. Non é nada definitivo, é só coma un pretexto para comezar o proxecto. Ás veces comezo sen nada. Cando teño esas localizacións, o meu asistente fai chamadas para avisar de que vou ir por alí e pídelles aos actores e actrices que acudan tamén, e na mañá do primeiro día finaliza todo o que tiña en mente. Filmo algo, comprobo ao final do día o que fixen e trato de encaixalo no esquema xeral. Se non encaixa, proba a filmar outra toma, de xeito continuo. Xeralmente, en tres días de rodaxe adoito ter unha estrutura, un filme completo. E despois continúo con esa estrutura e, en ocasións, na metade da filmación xa sei o que quero realmente.

Segundo este procedemento, ás veces non utiliza o material filmado neses primeiros días de rodaxe? Uso todo. É raro, pero coido que é polo meu carácter. Traballei deste xeito desde hai tempo. Dalgunha maneira apáñoame para utilizar este material. Si, é raro, mais non podo desfacerme del.

Traballa, entón, coa xente que actúa e coas localizacións do mesmo xeito, determinando ese día a colocación da cámara no set de rodaxe? O texto e mailas accións están sempre no guión. Pola mañá doules o guión completo do día. Antes de filmar intento observar todo o que podo. Non quero traballar con algo planificado, porque se traballas deste xeito tendes a repetir o escoitado ou visto no pasado. Non hai novidade. Non é interesante. Así que tratamos de observar e responder ás circunstancias. O que acontece sempre é máis interesante có creado

por medio de ideas. Os proxectos resúltanme sempre conflitivos, estereotipados, sen ningún interese. Se teño que traballar de xeito planificado, simplemente non o vou facer. [...] Preciso algo novo, cousas inesperadas que sucedan todos os días. Cada día ten que acontecer algo novo, deste xeito síntome vivo e con ganas de traballar.

Oín que inicialmente filmou a primeira historia, que llela ensinou aos actores e actrices, e que despois filmou a segunda parte. Podemos falar de por que quixo vostede experimentar esta técnica? É a primeira vez que fago isto, nunca fixera algo así anteriormente. Neste caso, o filme non se axusta ao seu propio argumento. A pesar de que as dúas historias semellan iguais, as diferenzas están, en gran medida, nos pequenos detalles: as distintas actitudes emocionais, as expresións faciais, a entoación da voz e cousas polo estilo. Iso é o que quería facer desde un inicio: decateime de que quería facer un filme que se duplicase estruturalmente, mais con diferenzas a nivel superficial. Se existe unha diferenza obvia na historia ou na súa estrutura e o final é comprensible, é fácil. Pero nesta, que é isto? [risas]. Dous mundos diferentes que non poden explicarse loxicamente. Iso é exactamente: mundos diferentes. Pódese notar a diferenza. Non podo explicar de forma clara a relación entre esas dúas partes do filme. Teño a esperanza de que o público vai poder acadar ese estado intermedio, de limbo —se podo chamalo así—, e... «oh, que é a vida?» ou algo polo estilo [risas]. Talvez é iso precisamente o que quero.

Foi un reto para vostede dirixir as escenas de dúas maneiras distintas? Si, houbo algo de desafío. Por iso editei a primeira historia e llela ensinei aos protagonistas. Sen explicacións, só a mostrei ao final, comentando cousas coma: «Talvez queiras aparecer máis solitaria, un pouco máis dese xeito...». Dirección fácil. E para o protagonista: «Se cadra tes unha experiencia semellante a cando a coñeces por primeira vez, pero esta vez tes que mostrar un maior sentimento, ser mellor para esa muller». Fácil dirección, con poucas explicacións.

Como é para vostede o proceso de edición? Canto tempo lle leva? Moi pouco. En realidade, só un día. Non hai moitos cortes! [risas]. Hai poucas secuencias e, xeralmente, sei o que quero. Precísase pouco, igual en tres ou catro horas podo ter o filme montado. Entón é cando preciso unha paréntese para o poder ver de maneira máis obxectiva, para retomalo unha semana despois. Logo ensínolles o filme a algunhas amizades para obter diferentes avaliacións. Cadaquén ten sensacións diferentes. Entón decido a montaxe final.

Semella que o filme estivese en continua evolución, durante a filmación está mudando, na montaxe tamén se está modificando. Cada día hai cambios. Exacto, é iso o que procuro.